



## ANUNCIO

O Pleno do concello, en sesión ordinaria celebrada o día 6 de novembro de 2002, aprobou inicialmente a Ordenanza non fiscal Reguladora das distancias entre as plantacións forestais e fincas de labor, praderías, camiños públicos, conduccións de auga, edificacións e outras herdades, o seu aproveitamento e explotación.

Transcorrido o prazo de trinta días previstos no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións polos posibles interesados, procédese a elevar a definitivo o acordo de aprobación inicial e considerar, en consecuencia, aprobada definitivamente a Ordenanza.

Co obxectivo de dar aplicación o artigo 70.2 da Lei 7/85 citada, publícase o texto íntegro da Ordenanza, así como o acordo da súa aprobación.

### **5.- EXPEDIENTE DA ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DAS PLANTACIÓNS FORESTAIS, DO SEU APROVEITAMENTO E EXPLOTACIÓN.**

Por Secretaría, de orde da Presidencia, deuse conta ó Pleno do estado actual do expediente para a aprobación da Ordenanza non fiscal reguladora das plantacións forestais, do seu aproveitamento e explotación.

Dáse lectura a proposta de Ordenanza unida ó expediente respectivo e que pola Alcaldía sométese á consideración do Pleno do concello, ó obxecto da súa aprobación.

Visto o informe de Secretaría, unido ó expediente respectivo, e favorable á aprobación da Ordenanza citada.

A Corporación acordou, por unanimidade e en votación ordinaria dos seus membros presentes, dez dos once que compoñen o Pleno:

1º.- Aprobar inicialmente a regulación das plantacións forestais no concello de Riotorto, o seu aproveitamento e explotación, ordenando as mesmas na forma establecida na Ordenanza anexa, modificándose a proposta de Ordenanza, que consta no expediente, no apartado de distancias ás vivendas das plantacións forestais de especies coníferas e de eucaliptos, pasando de 75 a 100 metros.

2º.- De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, expoñer ó público no taboleiro de anuncios e no B.O.P o presente acordo e a Ordenanza aprobada polo prazo de 30 días, dándose audiencia os interesados, a fin de que pidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes. As reclamacións serán resoltas polo Pleno do concello.



## CONCELLO DE RIORTORTO (LUGO)

3º.- Transcorrido o prazo de exposición pública do acordo e Ordenanza, se non se houberen presentado reclamacións entenderanse elevados automaticamente a definitivos.

Seguidamente transcríbese a Ordenanza:

### **ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DAS DISTANCIAS ENTRE PLANTACIÓNS FORESTAIS E FINCAS DE LABOR, PRADERÍAS, CAMIÑOS PÚBLICOS, CONDUCCIÓNS DE AUGA, EDIFICACIÓNS E OUTRAS HERDADES, O SEU APROVEITAMENTO E EXPLOTACIÓN.**

#### **Artigo 1º.-**

De conformidade co establecido no artigo 591 do Código Civil, Decreto 2661/1967, de 19 de outubro, do Ministerio de Agricultura, artigos 25, 28 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local de Galicia, establécese unha ordenanza de carácter non fiscal, reguladora das distancias entre plantacións forestais e fincas de labor, praderías, camiños públicos, conduccións de auga, edificacións e outras herdades, así como o transporte da madeira, a súa autorización e corta.

#### **Artigo 2º.**

Con carácter xeral ás plantacións forestais situaranse ás distancias mínimas segundo as diferentes especies que se relacionan, nos lindes coas fincas de labor, praderías, camiños públicos, conduccións de auga, edificacións e outras herdades seguintes:

#### **ESPECIES CONÍFERAS E RESINOSAS.**

A vivendas .....	100 m.
A instalacións con cabezas de gando.....	35 m.
A edificacións non vivendas.....	25 m.
A prados, fincas de labor e fontes.....	12 m.
A camiños públicos dende a beira exterior da cuneta .....	2 m.
A conduccións de auga .....	2 m.
A outras plantacións forestais.....	2 m.

#### **ESPECIES DO XÉNERO EUCALIPTOS.**

A vivendas .....	100 m.
A instalacións con cabezas de gando.....	35 m.
A edificacións non vivendas.....	25 m.
A prados, fincas de labor e fontes.....	20 m.
A camiños públicos dende a beira exterior da cuneta .....	2 m.
A conduccións de auga .....	2 m.
A outras plantacións forestais.....	2 m.

#### **ESPECIES FRONDOSAS.**

A vivendas .....	50 m.
A instalacións con cabezas de gando.....	35 m.
A edificacións non vivendas.....	25 m.
A prados, fincas de labor e fontes.....	10 m.
A camiños públicos dende a beira exterior da cuneta .....	2 m.
A conduccións de auga .....	2 m.
A outras plantacións forestais.....	2 m.

#### **XÉNERO FROITEIROS**

A vivendas .....	3 m.
------------------	------



## CONCELLO DE RIORTORTO (LUGO)

A camiños públicos dende a beira exterior da cuneta .....	3 m.
A conduccións de auga .....	2 m.
A outras plantacións de froiteiras existentes .....	3 m.

### ARBUSTOS.

- a) De ata un metro de altura..... sen limitación
- b) De máis dun metro e menos de dous de altura:
- |   |      |
|---|------|
| A vivendas .....  | 1 m. |
| A instalacións con cabezas de gando.....                  | 1 m. |
| A edificacións non vivendas.....                          | 1 m. |
| A prados, fincas de labor e fontes.....                   | 1 m. |
| A camiños públicos dende a beira exterior da cuneta ..... | 2 m. |
| A conduccións de auga .....                               | 2 m. |
| A outras plantacións .....                                | 2 m. |
- c) De máis de dous metros de altura:
- |   |      |
|---|------|
| A vivendas .....  | 3 m. |
| A instalacións con cabezas de gando.....                  | 3 m. |
| A edificacións non vivendas.....                          | 2 m. |
| A prados, fincas de labor e fontes.....                   | 2 m. |
| A camiños públicos dende a beira exterior da cuneta ..... | 2 m. |
| A conduccións de auga .....                               | 2 m. |
| A outras plantacións .....                                | 2 m. |

### Artigo 3º.

As distancias previstas na presente ordenanza respectaranse sen prexuízo das limitacións ó uso do solo que poida prever o planeamento urbanístico do concello.

### Artigo 4º.

A infracción das distancias reguladas na presente ordenanza sancionaranse:

- a) Con carácter xeral: De acordo co artigo 59 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local cunha multa de 30 euros, que se incrementará na contía dun euro por cada árbore situada a menor distancia da prevista.
- b) Con carácter especial:
- Pola infracción das distancias ás estradas municipais ou pistas forestais que teñan a calificación de estradas de acordo coa Lei de estradas de Galicia, as sancións que a citada Lei prevé para cada infracción.
  - Pola infracción dos usos do solo previstos no planeamento municipal estarase ó disposto na normativa urbanística.
- c) En todo caso existirá a obriga por parte do infractor de repoñer o terreo ó seu estado primitivo. Se fora preciso e ante os reiterados incumprimentos e sen prexuízo das sancións correspondentes, procederase a execución subsidiaria, de conformidade co establecido na lexislación do procedemento administrativo.

### Artigo 5º.

Co fin de garanti-la conservación da rede viaria municipal e evita-lo risco de accidentes, será necesario solicita-la autorización municipal para o transporte e depósito de



## CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

madeira procedente das cortas que se realicen nas plantacións existentes no concello. Na solicitude especificarase a situación da finca de onde proceda a madeira cortada, lugar de almacenamento, camiños ou vías públicas por onde se realice o transporte, as características dos vehículos a utilizar, así como os días previstos para o mencionado transporte. A solicitude acompañarase fotocopia do permiso da tala da administración forestal cando este sexa necesario. A autorización municipal para o transporte e almacenamento será obrigatoria e gratuíta, non obstante, o madeirista deberá ingresar na Tesourería Municipal unha fianza, determinándose a súa contía polo técnico municipal, para responder polos posibles danos e prexuízos na rede viaria. En ningún caso se autorizará o depósito de madeira nas cunetas ou invadindo zonas da vía con risco de accidentes.

Se fose necesario, por incumprimento e sen prexuízo da adopción doutras medidas e exercendo as accións legais correspondentes, procederase a execución subsidiaria da reparación de danos, segundo establece a lexislación de procedemento administrativo.

### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza non entrará en vigor ata que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e transcorra o prazo previsto no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, permanecendo en vigor mentres a Corporación Municipal non acorde a súa modificación ou a derogación expresa.

Contra o acordo e ordenanza de referencia, poderán os interesados lexítimos interpoñer o correspondente recurso contencioso-administrativo nos prazos e formas que establece a Lei reguladora da dita xurisdicción.

Riotorto, 3 de xaneiro de 2003.

El Alcalde,

Asdo: José López Cabodevila